

Certificado de recoñecemento da condición de familia monoparental

Normativa

Art. 13 da [Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia](#)

(<http://www.lex.gal/galilex?>

[p_p_id=galilex_WAR_Galilex&p_p_lifecycle=1&p_p_state=normal&p_p_mode=view&p_p_col_id=column-1&p_p_col_count=1&conModificaciones=1&accion=Ficha&idGalilex=762](http://www.lex.gal/galilex?p_p_id=galilex_WAR_Galilex&p_p_lifecycle=1&p_p_state=normal&p_p_mode=view&p_p_col_id=column-1&p_p_col_count=1&conModificaciones=1&accion=Ficha&idGalilex=762)). *Modificada polc disposición derradeira terceira da [Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia](#) (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210209/AnuncioC3B0-040221-4_gl.html) (DOG nº 26 do 9/1/2021)*

Consideración de familia monoparental

Para os efectos desta lei, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas ao seu cargo, nos seguintes supostos:

1. Os homes ou as mulleres que afrontan a **paternidade ou a maternidade en solitario**.
2. As familias formadas por unha ou un **cónxuxe viúvo** e os fillos e fillas.
3. As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos **sen que haxa custodia compartida**.

Para este efectos, teñen a mesma consideración que o fillo ou a filla:

1. As persoas unidas ao único proxenitor ou proxenitora por razón de tutela ou acollemento.
2. O concibido ou a concibida, sempre que mediante a aplicación desta asimilación se obteña maior beneficio.

A Xunta de Galicia creará un **Rexistro de Familias Monoparentais Galegas** e determinará os requisitos e os medios de acreditación da dita condición.

Documentación a presentar para obter o certificado

- Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante.
- Copia do libro de familia ou certificado de nacemento dos fillos.
- Certificado de empadroamento conxunto da unidade familiar.
- Declaración xurada ou responsable de non manter unha relación de convivencia análoga á conxugal.
- [Certificado negativo de inscrición no Rexistro Autonómico de Parellas de Feito de Galicia](#) (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR212D>). **sede electrónica PR212D*
- En caso de divorcio, copia da sentenza ou da resolución xudicial que estableza as medidas paterno-filiais dos fillos e fillas en común, acompañada no seu caso, do correspondente

convenio regulador (no que se recolle garda e **custodia non compartida** dos fillos/as)

- En caso de viuvez, certificado de defunción do outro proxenitor, no caso de que non figure no libro de familia.

Seguen dando lugar ao recoñecemento de familia monoparental os fillos e fillas maiores de idade ata os 21 anos. A partir dos 21 anos e ata un mes antes de cumprir os 26 anos deberán acreditar que están estudando mediante a presentación dun Certificado de matrícula expedido polo centro educativo ou un xustificante de pago de taxas de matrícula universitaria.

Tramitación para a obtención do certificado

a) **Contido da solicitude:** (non existe un modelo normalizado de solicitude):

- O nome e apelidos e o NIF
- A solicitude do certificado de familia monoparental
- Indicación de se prefire recibir as comunicacións (e, no seu caso, o certificado solicitado) por medios electrónicos (a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. Recibirá un aviso no número móbil que indique na solicitude) ou postal (neste caso, tardará algúns días en recibilo).

No caso de indicar a preferencia electrónica, debe indicar na solicitude:


- O número móbil no que quer recibir os avisos de comunicacións electrónicas
- O correo electrónico

No caso de preferir as comunicación postal:

- O enderezo postal (rúa, concello, código postal, provincia)

b) **Presentación da solicitude.**

- **Por medios electrónicos:**

◦ Cubrindo un  modelo **PR004A** (solicitude xenérica) (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitude-xenerica>) da sede electrónica da Xunta de Galicia e xuntando a demais documentación.

- **Por medios postais:**

◦ Deberán remitir a solicitude a:

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (Familia Monoparental)

Servizo de Apoio á Familia, á Infancia e á Adolescencia

San Caetano s/n

15781 Santiago de Compostela

Emenda da solicitude

No caso de que non achegue toda a documentación solicitada ou a solicitude adoeza dalgún defecto que poda emendarse, requiriráselle a través de medio de comunicación por vostede elixido, para que emende ou presente a documentación necesaria, dentro do **prazo de 10 días** seguintes ao que reciba a notificación